



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 15 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego contra a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e contra o Partido Popular por difusión de publicidade electoral promocionada, a través do seu perfil oficial de Instagram por unha posible infracción do artigo 50.2 LOREX e solicitando a incoación do correspondente procedemento sancionador (RE 245/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 11 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego presenta escrito (RE 245/2024), no que formaliza denuncia contra a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e contra o Partido Popular por difusión de publicidade electoral promocionada, a través do seu perfil oficial de Instagram por unha posible infracción do artigo 50.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX) e solicitando a incoación do correspondente procedemento sancionador.

Fundamenta a súa petición, en que a Secretaria Xeral de Emigración promocionou publicidade sobre a convocatoria de duascentas cincuenta bolsas para realizar un programa máster dirixidas a mozos e mozas galegos que vivan no exterior, tanto na paxina web de emigración da Xunta de Galicia coma no Instagram da Secretaria Xeral.

As publicacións referidas se acompañan de imaxes, e nunha das fotos aparece o Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, cun grupo de mozos publicitando as devanditas bolsas, polo que entende que dende a Secretaría Xeral de Emigración se estaría a infrinxir o disposto no artigo 50.2 da LOREX ao estar a promocionar ao candidato do Partido Popular e polo tanto, vulnerando os principios de neutralidade, obxectividade e transparencia.

2. O 12 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles á Dirección Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 469/2024 e RS 470/2024, respectivamente), extremo que se comunicou á representante xeral do Bloque Nacionalista Galego (RS 471/2024).
3. O 13 de xaneiro de 2024, os denunciados cumpriron o trámite concedido formulando alegacións (RE 250/2024 Partido Popular e RE 253/2024 Xunta de Galicia)



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

O Partido Popular considera no seu escrito que os feitos denunciados son completamente alleos ao Partido Popular xa que non tivo participación nin colaboración nas publicacións denunciadas.

A Xunta de Galicia comunica a retirada das imaxes denunciadas das redes sociais e da páxina web e formula as seguintes alegacións:

A secretaria Xeral de Emigración publica no DOG o día 9 de xaneiro a Resolución do 22 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan duascentas cincuenta bolsas para a mocidade do exterior, e ao mesmo tempo divulga na paxina web e nas redes sociais unha nota informativa que considera o proceder habitual para informar aos beneficiarios, residentes fora de Galicia, polo que, a difusión é necesaria e imprescindible para chegar ao maior número de mozas e mozos, destinatarios das bolsas.

En relación ao contido difundido, o letrado refire unha información básica, sinxela e clara sen alusións a logros nin uso de imaxes e expresións coincidentes ou similares as empregadas nas campañas de entidades políticas concorrentes as eleccións.

E en canto á presenza do candidato do partido popular á presidencia da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o letrado considera que a súa imaxe é como presidente da Xunta e non como candidato do Partido Popular, polo que se trata da difusión de actividades propias e ordinarias do traballo da Secretaria Xeral de Emigración, non existindo, polo tanto, uso electoralista, como demostra o feito de empregar unha imaxe dun acto de outubro de 2023. Conclúe que o presidenta de Xunta carece do protagonismo denunciado, nin aparece referencia ningunha a el.

Por último fai mención de que a Secretaria Xeral de Emigración está integrada na Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se entende que a imaxe do presidente da Xunta ten coherencia institucional. E considera que por ser Instagram unha rede social baseada en imaxes, resulta apropiado e procedente en técnica de comunicación acompañar a información que se pretende difundir de imaxes

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 50 da LOREX, recolle no seu apartado 2 que dende a convocatoria da eleccións e ata a celebración das mesmas queda prohibido *“calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos”*.

Segundo. Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, no que aquí interesa, “*as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados*” [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

Terceiro. Segundo ten afirmado a Xunta Electoral Central a interpretación do artigo 50.2 da LOREX debe efectuarse “*a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2), y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, de 28 de mayo de 2008, 11 de noviembre de 2009, 5 de noviembre de 2014 y 28 de abril de 2016). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG*”.

Cuarto. As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas: «*El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas*» (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

O inicio do período electoral “*no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvagarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos*” (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Quinto. Neste caso, esta Xunta electoral logo de examinar a publicación efectuada pola Secretaría xeral de emigración considera que, a información que se recolle na paxina



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

web como en Instagram e que aporta o denunciante sobre a convocatoria de bolsas para a mocidade do exterior se limita a aspectos formais sobre prazo e requisitos sen que consten ningún tipo de declaración de carácter electoralista ou de exposición de logros ou realización, que puideran considerarse contrarias ao disposto no artigo 50.2 da LOREX ou na Instrución da JEC2 /2011. Polo que, á vista da documentación presentada, a publicación denunciada cabe entendela comprendidas dentro do exercicio ordinario das funcións que corresponden á Secretaria Xeral de Emigración, na medida en que tampouco se recollen xuízos de valor ou manifestacións que podan considerarse como campañas de logros.

Xa que logo, esta Xunta electoral si ben entende que os anuncios denunciados deben ser entendidos como campaña informativa, e polo tanto non son contrarios á lexislación electoral, considera convinte, non obstante, aclarar que a foto do Presidente da Xunta que acompaña á información publicitada resulta innecesaria para a consecución do fin pretendido, que non é outro que a máxima difusión da convocatoria de bolsas entre os seus destinatarios, mozas e mozos residentes no exterior.

Polo que , no presente caso e tendo en conta a retirada que voluntariamente se fixo das fotos controvertidas, tanto das redes sociais como da internet, tan pronto como se tivo coñecemento desta denuncia, esta Xunta electoral entende que non procede adoptar ningunha outra medida, polo que

ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 12:30 horas do próximo día 17 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia